

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º TRIMESTRE. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA (A FONSAGRADA).
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA.
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.
DATA: 09-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	Lee en voz alta con axuda (CCL). Descodifica con precisión e rapidez palabras simples (CCL).
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	Entende a mensaxe de xeito global (CCL; CAA). Comprende con axuda diferentes tipos de textos (CCL; CAA).
B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de texto.	Elabora resumos de textos lidos con axuda (CCL; CAA).
B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	Marca as palabras clave dun texto con axuda (CCL; CAA). Activa coñecementos previos (CCL; CAA). Realiza inferencias e formula hipótesis con axuda (CCL; CAA).
B2.9. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	Utiliza con axuda os medios informáticos (CCL; CD; CAA).
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicación das regras ortográficas, coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe con axuda en diferentes soportes (CCL; CD; CAA). Escribe textos usando o rexistro adecuado (CAA; CCL). Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero (CCL; CAA; CSIEE).
B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e escritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal (CCL; CAA; CCEC). Reproduce con axuda textos ditados con corrección (CCL; CAA). Emprega estratexias de procura e selección da información (CCL).
B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	Planifica e redacta textos (CCL; CAA; CSIEE). Adapta a expresión á intención (CCL; CAA; CSIEE). Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde (CCL; CAA; CSIEE).
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a	Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua (CCL).

gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación mais eficaz.	Conxuga con axuda e usa con corrección todos os tempos simples e compostos (CCL). Coñece familias de palabras (CCL).
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Identifica con axuda e usa sinónimos e antónimos (CCL). Recoñece con axuda palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas (CCL). Identifica os diferentes tipos de palabras nun texto (CCL). Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións (CCL).
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Sinala con axuda as características que definen ás diferentes clases de palabras (CCL). Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número (CCL). Usa con corrección os signos de puntuación (CCL). Aplica as normas do uso da lingua (CCL). Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias (CCL).
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe (CCL; CD; CAA).

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Os procedementos que se van a utilizar para poder avaliar ao alumnado, serán a realización das tarefas programadas quincenalmente así como a aplicación das correccións correspondentes. Ditas tarefas serán, maiormente, de ampliación e reforzo de contidos traballados durante a 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Tomarase en conta unha comunicación fluída e recíproca entre a familia/alumnado e mestre.</p> <p>Para poder avaliar o traballo do alumnado, manterase un contacto constante tanto coa familia como cos alumnos/as a través de ferramentas como o correo electrónico e a aplicación Tokapschool.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a nota da avaliación final do alumno/a levarase a cabo a media da 1ª e 2ª avaliación. Os resultados da 3ª avaliación serán sumativos, como máximo un 20%, sobre a 1ª e 2ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non procede.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Para aquel alumnado que non superase a materia en avaliacións anteriores, aplicaráselle as actividades e tarefas de reforzo correspondente en aquelas áreas da materia que o requiran.</p> <p>Para poder calificar o traballo realizado polo alumnado terase en conta, maiormente, o traballo realizado durante a 1ª e 2ª avaliación así como os resultados acadados na 3ª avaliación, os cales, serán unicamente sumativos nun 20%.</p> <p>Dentro dos resultados que se deben acadar na 3ª avaliación, inclúese a constancia na realización das tarefas escolares, a aplicación axeitada das correccións correspondentes así como unha boa canle de comunicación familia-escola.</p> <p>Para poder avaliar o traballo do alumnado, manterase un contacto constante tanto coa familia como cos alumnos/as a través de ferramentas como o correo electrónico e a aplicación Tokapschool.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se levarán a cabo durante este 3º trimestre serán, maiormente, de reforzo, repaso e ampliación de contidos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para a facilitación das tarefas, que se programarán quincenalmente, utilizarase o correo electrónico para que tanto alumnado como familia poidan acceder e descargar a información pertinente. Actualmente todo o alumnado dispón de conectividade a internet. No caso de non ser posible ou a conectividade non o permitise, facilitaráselle ás familias material impreso.
Materiais e recursos	As tarefas facilitadas ao alumnado correspóndense con material impreso descargable e a utilización do libro de texto. Ademais disto tamén se lle facilitan recursos online onde poden acceder e descargar diferentes tarefas, inclusive traballar directamente a través do ordenador fomentando así o uso das TIC.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para poder manter unha boa comunicación familia-escola, utilizaranse ferramentas como o correo electrónico ou a aplicación Tokapschool, así como os contactos vía telefónica co alumnado e familia cando ambas partes o consideren oportuno e necesario.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.